

**Oriana Méndez: *Derradeiras conversas co capitán Kraft***

**Xabier Cordal**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CORDAL, XABIER (2011 [2007]). “Oriana Méndez: *Derradeiras conversas co capitán Kraft*”. *A Trabe de Ouro*: 71, 143-145. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1162>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

CORDAL, XABIER (2007). “Oriana Méndez: *Derradeiras conversas co capitán Kraft*”. *A Trabe de Ouro*: 71, 143-145.

\* Edición dispoñíbel desde o 13 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ORIANA MÉNDEZ: *DERRADEIRAS CONVERSAS CO CAPITÁN KRAFT*

Xabier Cordal

Boa tarde, amigas, boa tarde, amigos. É un pracer estar aquí convosco.

Hoxe seríamos quen de falar sobre cousas que, se cadra, importan ou parecen importar só a unha minoría. Aínda que o concepto de minorías e maiorías está intervido, coma os nosos correos electrónicos, coma a realidade, coma as palabras. O día 4 de xuño de 2007, este luns, por exemplo, o xornal máis vendido en Galicia informaba, con ampla foto de portada, dunha manifestación que xuntou varios miles de persoas para salvar a ría de Ferrol. E tiñan razón, por suposto. O estraño é que o día seis de xaneiro de 2003, un terzo [144] da cidade de Vigo, case cen mil homes e mulleres, tomou as rúas para pedir a cabeza do goberno polo atentado do *Prestige*. A portada do xornal máis vendido en Galicia tamén publicou unha fotografía ao día seguinte, aínda que o pé de foto non era épico, senón case case intimista: *La nieve colapsa el tráfico en Cataluña y hoy llegará a las cumbres gallegas*.

Cando falamos de realidade falamos disto. Cando falamos de escuridade non falamos de poemas. Os poemas interveñen con dificultade ese conflito de poder e as poetas deben conseguir falar a pesar de todo, sempre. Nós somos esquerda, pero a esquerda, esa que non somos nós, xustifica a Cidade da Cultura de Fraga Iribarne e persegue as mariscadoras en nome do progreso. Loitamos tamén por esa palabra, por centos de palabras. Cando lemos un libro tan lucidamente radical coma *Derradeiras conversas co capitán Kraft* temos a certeza de que a orde desta época de anuncios, de simulacros, se basa tamén en facer crer a unha inmensa minoría que está soa. Que o imperativo da liberdade debe pospoñerse, e mentres, se quere, ese foco de resistencia, condenado á marxinalidade, pode escribir poemas. Parece un pouco ousada, nun país rescatado e proxectado á Historia por poetas, o desprezo, a displicencia dalgúns.

De acordo, poden pensar que seguimos soñando. Na realidade, grazas a irrupcións – así pon o libro, «irrupción», na parte de atrás– coma a de Oriana Méndez, o que nos queda claro é que hai neste país un grupo de xente que nunca soña. Ou será: que nunca delira, nin dorme. O que fai ese grupo de xente, o que fai Oriana, é articular un discurso. O libro que nos regala é un discurso meditado, con moitas preguntas, con dúbidas, sen fisuras. Desde logo, esta obra non é normal, e moito menos nunha rapaza que tiña dezanove anos cando a escribiu. A seguridade no tipo de beleza que busca, a que consegue, a aposta des-

---

\*Xabier Cordal leu este texto no Casino de Compostela o 7 de xuño de 2007, no acto de presentación do poemario de Oriana Méndez *Derradeiras conversas co capitán Kraft* (Galaxia, 2007, 66 p.). Nese acto tamén interviron Antón Lopo, Carlos Lema, Iván Prado e Oriana Méndez.

carnada pola reflexión política, son unha sorpresa e esta medra abrindo o libro por calquera páxina. Procuremos, si, os non sempre encantadores erros da mocidade. E non os hai. A paixón (paixón política, paixón lectora) e a intelixencia blindaron estes versos contra calquera caída no lugar común.

O título é longo. Paramos nas palabras: *derradeiras, conversas, capitán, Capitán Kraft*. A pesar do que significa unha conversa, o título corta, é oclusivo, velar, xordo. O termo *derradeiras* marca a fin dunha etapa. O título di a verdade. Non sabemos quen é Kraft, nin de onde lle vén o grao militar (se a autora fose inxenua, podíamos pensar nun cómic, nun heroe adolescente en branco e negro; pero a autora non é inxenua). Tanto ten, porque Kraft está dentro, dela. E de nós. Kraft é a negación da miseria, da calma, do confort mental, do falso confort mental. Kraft pode ser Ulrike Meinhof ou Robespierre, ou Frantz Fanon, ou a cólera dos manifestantes que outro día batían coas Forzas da Orde en Alemaña para advertir que non toleran a destrución da humanidade e do mundo.

Os poemas de Oriana non son fáciles. Pido humilde ao lector, á lectora, que me fagan caso. Que non entren neles docemente, cantaba o poeta galés. Cómpre miralos un por un, na primeira visita, e permitir a estrañeza, preocuparse pouco porque, en aparencia, os espazos semellen cerrarse. Debemos esperar, escoller outro día, outro momento da xornada, e iniciar a lectura de novo. Cando imos subliñar un verso mentalmente aparecen outros dous, un arriba e outro abaixo. Veredes como os textos van fabricando a súa propia noción de sentido. Aí está Chus Pato, desde *Uránia*. Cando os repetimos varias veces, os textos significan máis. O territorio de Oriana Méndez, edificado, civilizado, non concede tregua, nunca [145] se abranda, e na segunda lectura, e na terceira, empeza a falar a un estraño lector. O estraño lector somos nós.

A ausencia de suavidade, a expulsión do lirismo tal e como este se entendera durante a fase balneario dunha poesía que xa rematou, a tensión exacta e vehemente no relato (os poemas son moitas veces relatos), no concepto, son marcas de estilo dunha autora que, por idade, non debería ter desas cousas aínda. Dicimos por idade, non por xeración. En Galicia parece haber varias xeracións de poetas: a xeración dos oitenta, a xeración dos noventa e a xeración espontánea. Ese entramado crítico é falso. O traballo de ordenar o que ocorreu desde hai tres décadas está pendente, pero hoxe viñemos aquí para algo moito máis agradable. A Galicia contemporánea produce boa poesía, mesmo grande poesía. Este libro xa fai parte dela, nada de testamento xuvenil, nada de *opera prima*.

Apóioime en Lupe Gómez : «As palabras de Oriana Méndez semellan unha pelexa de tigres» (...) «A poética de Oriana é sedutora porque é intelixente, radical, pulcra, violenta, verdadeira», di moi ben a autora de Fisteus. Porque é certo que *Derradeiras conversas...* apela sen descanso e sen piedade á historia, á psicoloxía da rebelión, da opresión. Sabe ben do que fala, válese dunha ironía cáustica e non ten compracencia. A xeración (a tradición) na que ela escribe, con xenerosidade e honestidade, dura 300 anos e vai desde Sarmiento até as Redes Escarlata. Non descansamos. Pero todo mudou: en Oriana Méndez nada posúe a cor dos prados e Galicia deixa de ser fe e convértese en ciencia. Formamos parte do deserto do real. A Historia segue o seu curso, vívese nos seus versos en forma de crise permanente, positiva, e de permanente aspiración á liberdade. Nada se parou. E con todo, a primeira e abraiante, abraiante obra desta autora, queda lonxe das fórmulas de ingreso no canon *comprometido*. O compromiso é o lugar onde está o corpo. Ela non proclama, milita.

Ninguén atopará un libro de poemas máis ideoloxicamente maduro ca *Derradeiras conversas co capitán Kraft* nos andeis das librarías do noso país, de moitos países. Un libro capaz de ser, insisto, político, na extensión planetaria do termo e conforme a definición, por exemplo, de Jacques Rancière (unamos partes e digamos, asinaríao a autora, «unha modalidade específica da acción, antagónica do policial»). Un libro de corazón quente e ollada fría, hostil ao mito ideolóxico e sensible, con exquisitez case médica, ás desviacións da vixilia e do soño.

A autora, obxectivo, rigor, senta a verdade coma unha anciá. Dentro de pouco oiremos os seus poemas en voces mellores cá miña; permítide só unha frase: «A culpa, como a derrota, é o pánico». Cando sinala unha crise hai que tomala moi en serio. O tempo vén con ela e nin novas nin vellos poden prescindir desta súa obra. Non poden fuxir da obriga de se converteren en lectores estraños. O Capital mata a esperanza: «O pracer/ O pracer», di ela, invertendo o espello, pero non o ritmo das palabras que Conrad e Coppola lle fan dicir a Brando, a Kurtz, que se fixera poeta nas tebras da xungla, e Kurtz ben podía ser Kraft, e Kraft, Oriana, Kraft somos todas. Debes de saber que estamos moi agradecidos pola túa valentía e pola túa medida exacta da beleza.

E moitas grazas a vós, que estades aí, por escoitar con tanta atención.